

Cuestión teórica nº 15

O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).

Nesta pregunta o alumnado deberá explicar, de forma xenérica, que se entende por reformismo borbónico, así como relacionar as iniciativas desenvolvidas polos gobernos dos Borbóns en Galicia no s. XVIII co seu papel xeo-estratéxico. Deberá comentar tamén algunhas delas: os obxectivos e funcionamento da matrícula de mar, o proceso de construción do arsenal de Ferrol e as súas importantes repercusións a nivel militar, económico e urbanístico e, finalmente, as consecuencias da apertura do comercio colonial na cidade da Coruña.

A resposta básica debe incidir nas seguintes cuestións:

- A importancia estratéxica de Galicia no s.XVIII desde o punto de vista militar e comercial.
- A racionalización do recrutamento de mariñeiros a través da matrícula de mar.
- A construción do arsenal de Ferrol no contexto das reformas militares levadas a cabo polos Borbóns.
- As repercusións da apertura do comercio colonial en Galicia: a creación da Compañía de Galicia, o Servizo de Correos Marítimos e o Consulado Marítimo e Terrestre da Coruña

Para ter cualificación de notable ademais de facer referencia ás cuestións básicas, debe explicar cunha certa profundidade polo menos unha delas. Para sobresaliente, ademais de facer referencia ás cuestións básicas, debe afondar nunha ou explicar con certa profundidade polo menos dúas delas.

A chegada do século XVIII trouxo en España un cambio de dinastía e unha nova época na que se deu un certo progreso en case todos os eidos. En Galicia continuaba o contraste entre a carencia de verdadeiras institucións de autogoberno corporativo, que a existencia da Xunta do Reino non compensaba, e unhas acusadas peculiaridades culturais, demográficas, económicas e sociais.

O galego seguía a ser o idioma usado pola maioría da poboación, aínda que as clases altas estaban moi castelanizadas. A recuperación demográfica e agraria comezara en Galicia na primeira metade do século XVII grazas á introdución de cultivos como o millo, pero as características da ocupación do territorio, da sociedade e da economía eran as de sempre. No decurso do século apenas houbo grandes conflitos, agás o enfrontamento entre a fidalguía e o clero pola repartición da renda agraria e algúns motíns no rural contra os novos impostos ou contra a implantación dalgunha industria moderna.

Con todo, apareceron movementos de innovación no eido intelectual, a variante galega da Ilustración, e no económico, como o desenvolvemento dunha vizosa industria rural, a creación dalgunhas fábricas, a mudanza cualitativa da pesca e da salgadura e a formación dunha burguesía comercial nos portos ao abeiro da nova liberdade do comercio coas colonias (A Coruña), pero estes progresos non abundaron para cambiar o fondo extremadamente rural de Galicia.

No século XVIII, o Reino de Galicia mantivo a súa importancia estratéxica como baluarte marítimo avanzado na defensa do imperio colonial americano, fronte ao paso das armadas inimigas, fundamentalmente inglesas. Ante esta situación, os Borbóns e os seus gobernos interviñeron en Galicia creando novas institucións e servizos. Entre as súas principais realizacións destacaron a matrícula de mar e o Arsenal de Ferrol

A Matrícula de Mar foi un **sistema de recrutamento ideado para dotar aos buques da Armada de tripulacións** competentes coas cales enfrontar os riscos aos que estaba exposto o Reino. O obxectivo da Matrícula de Mar foi garantir unha oferta regular de tripulacións para a Armada española que, como todas as mariñas de guerra europeas en maior ou menor grao, tivo problemas á hora de dotarse axeitadamente de mariñeiros.

A diferenza doutros modelos baseados en levas, a Matrícula perseguía facelo dunha maneira máis xusta, mediante o control de todos os mariñeiros e un sorteo. Eso sí, o servizo era obrigatorio. Teóricamente, o servizo naval compenseuse con privilexios de orde militar (a exención de quintas e de levas para o Exército), xurisdiccional (o foro de Mariña) e económico (a exclusividade das actividades marítimas e a exoneración de cargas municipais e de aloxamento de tropas).

A Matrícula de Mar supuxo, sen dúbida, un dos maiores –e mellores– intentos de reformar a Armada para facela máis eficiente, **pero non tivo o éxito esperado**. Poderíamos citar, entre outros motivos, a falta de pagamentos tanto aos matriculados como aos distintos oficiais encargados do seu funcionamento e administración. Asemade, a matrícula foi complicada de xestionar, posiblemente desalentou os investimentos no sector pesqueiro e non acadou o alistamento e control de todos os profesionais do mar nin cubrir por completo as demandas de homes para a Armada en tempo de guerra.

Galicia, pola súa situación xeoestratéxica, converteuse para os Borbóns no lugar onde recibir ou rexeitar os ataques das froas estranxeiras, especialmente as inglesas, que se dirixían a saquear as cidades costeiras españolas ou a capturar os barcos cargados de mercadorías procedentes de América. Ante esta situación, a meirande parte da costa galega foi reforzada con numerosos castelos e baterías.

En 1726, Xosé Patiño, ministro de Filipe V, decidiu establecer en Ferrol a sede do Departamento Marítimo do Norte e unha das bases das Armadas reais. A partir de 1746, co Marqués da Ensenada, ministro de Fernando VI, iniciouse a construción dos estaleiros e do arsenal que converteron a Ferrol na principal cidade de Galicia e en obxecto de admiración polos estranxeiros; é famosa a frase pronunciada polo ministro inglés W.Pitt, cando visitou a vila en

1776: “se Inglaterra tivese nas súas costas un porto como este, o seu Goberno protexeríao cunha robusta muralla de prata”.

Para a formación dos mandos militares da Armada creouse en 1776, a Academia de Gardas Mariñas. A chegada masiva de poboación obrigou a engadir ao núcleo orixinario, o Ferrol Vello, os novos barrios de Esteiro, para acoller aos traballadores, e o da Magdalena, ocupado principalmente polos oficiais da Armada. No seu deseño seguíronse trazados urbanísticos a base de cuadrículas (plano hipodámico) moi do gusto dos arquitectos ilustrados.

Na Galicia do século XVIII xurdiron algunhas novidades, aínda que non con forza dabondo para cambiar radicalmente a situación de inmovilismo. É certo que a maior parte da burguesía autóctona (comerciantes, escribáns e letrados, outros profesionais ...)tiña unha mentalidade tradicional e aceptaba o seu papel subalterno respecto dos grupos dominantes. Así e todo, nalgúns sectores económicos agromaron pequenos grupos innovadores ao abeiro das políticas modernizadoras da Monarquía, que introduciron novas formas económicas, especialmente no comercio e na pesca, malia a oposición dos sectores dirixentes.

O comercio entre Galicia e Castela facíase mediante recuas de mulas que atravesaban os portos secos. Os arrieiros encargados deste tráfico eran maioritariamente maragatos e, en menor medida, asturianos, cameranos e rioxanos. Moitos acabaron abrindo comercios estables nas cidades galegas, dinamizándoas, e algunhas destas familias no século XIX progresarán ata fundaren casas de banca.

En 1721 o intendente de Galicia, Rodrigo Caballero propuxo establecer comercio directo de Galicia con América. Galicia foi tamén a base xeográfica dunha compañía formada en 1734 para o comercio do palo de Campeche (tinte negro intenso). A iniciativa foi patrocinada pola cidade da Coruña, por sí e no nome do reino de Galicia. Non prosperou, a pesar da protección dispensada polo ministro Patiño.

A decisión da Monarquía de acabar co monopolio de Cádiz-Sevilla no comercio con América tivo moita importancia para a Galicia do século XVIII. En 1764, o porto da Coruña foi autorizado a comerciar coas colonias a través de buques-correo propiedade da Coroa (Servizo de Correos Marítimos) e a partir de 1778 a apertura comercial ampliouse a barcos privados e novos portos (Vigo en 1783, Ferrol en 1787). Deste xeito naceu o comercio galego marítimo a longa distancia.

Con el xurdiu o primeiro núcleo de burguesía moderna en Galicia, moi centrado na Coruña. Nel os galegos eran minoría perante a suma de vascos, asturianos, cataláns, rioxanos e algúns estranxeiros. En 1786 o Rei autorizou o Real Consulado da Coruña, solicitado anos antes polos comerciantes da cidade. Á parte da súa función como tribunal de paz nos conflitos mercantís, con xurisdición sobre todos os portos entre A Coruña e Vigo, o Consulado, primeiro berce do pensamento económico liberal en Galicia, sostivo escolas de náutica, matemáticas, debuxo, comercio e contabilidade. Así mesmo axudou ao desenvolvemento da fabricación de tecidos de liño.

O auxe deste comercio empezou a declinar a finais da década dos 80 e entrou nunha crise definitiva por mor das guerras navais contra Inglaterra, entre 1796 e a Batalla de Trafalgar en 1805, e despois polo caos que a invasión francesa provocara na economía e nos transportes. A burguesía portuaria buscará a principios do século XIX vías de reconversión no curso e na trata de negros ou na compra de foros e terras, co que unha parte dela acabará “afidalgándose”.

Tamén aumentou a produtividade na pesca. Xa dende o século XVI Galicia era o principal produtor pesqueiro da península, salientando a captura e exportación de sardiña, a maior parte salgada con procedementos artesanais. A partir de 1760 esta riqueza atraeu a numerosos “fomentadores” cataláns que revolucionaron o sector, que se concentrou nas Rías Baixas, e substituíron as tradicionais redes de cerco por artes de arrastre, a xávega, que esixía menos da metade de man de obra. Tamén multiplicaron a produtividade do proceso de salgadura mediante o prensado, no canto de escochar e limpar cada sardiña manualmente. Exportaban esta salgadura a Cataluña, de onde importaban viños e augardentes. Máis adiante cambiarían tamén o sistema tradicional de remuneración dos pescadores, baseado na repartición de pesca, polo traballo asalariado. Deste xeito formouse o único grupo burgués

que será quen de sobrevivir ao Antigo Réxime. A finais do século XIX creou, mediante o salto da salgadura á conserva, unha das poucas industrias modernas de Galicia.